



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ABEGONDO

Anuncio proceso selectivo brigada prevención e defensa contra incendios forestais 2024

ANUNCIO

Comunícase que por medio da Resolución da Alcaldía do 04/07/2024 (Expte TEDEC número: 2024/E001/000003 – 2024/G003/000389) aprobáronse as bases de selección para a contratación laboral temporal das persoas traballadoras que integrarán a brigada de prevención e defensa contra incendios forestais no exercicio 2024, conforme ao Convenio de colaboración asinado coa Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia.

O Concello de Abegondo convoca as seguintes prazas:

- 1 xefe/a de brigada
- 1 peón/peoa condutor/a
- 3 peóns/peoas de brigada

As bases da convocatoria pódense consultar no taboleiro de anuncios municipal e na sede electrónica do Concello (<https://sede.abegondo.gal> ou <https://sede.abegondo.gal/sxc/gl/informacion/tablon/index.html>)

Prazo de presentación de instancias: 5 días hábiles a partir do día seguinte á publicación deste anuncio.

Abegondo, 4 de xullo de 2024

O alcalde

José Antonio Santiso Miramontes

2024/4789